

NADA GALEGO LLE É ALLEO

Esta frase utilízaa Carvalho Calero para definir o seu admirado e querido Ramón Otero Pedraio, en artigo de homenaxe póstuma que figura nestas páxinas. Apropiámola e apómoslla nós a el, como cifra dos textos da súa autoría que escolmamos para dar conta –ben que mínima, significativa– do inmenso labor bibliográfico que a súa obra supón nas letras galegas do século XX. Si, nada galego lle foi alleo, e a antoloxía que integra este libro coidamos que así o certifica. Nunha obra científica e de divulgación inmensa como a súa (para alén da obra de creación que serviu todos os xéneros literarios), é ben certo que se poderían compor outras moitas escolmas igualmente representativas. Esta reproduce a que editamos hai dez anos, no centenario do seu nacemento. Na “Presentación” daquela edición (2010) indicamos algúns criterios de escolla, que agora ampliaremos un chisco. Recollemos textos que abranxen un arco temporal de cincuenta e sete anos, desde 1930 a 1987: unha dedicación continuada ao longo de toda a súa vida. De que textos se trata? Temos artigos publicados en *Nós* e *A Nosa Terra* nos anos trinta; artigos publicados en *Grial*; n’*A Nosa Terra* renacida desde 1977; en *Agália*; temos artigos publicados en *La Voz de Galicia*, en *El Progreso* ou en *Faro de Vigo*, atentos aos requerimentos da máis premente actualidade sociolingüística e literaria; temos conferencias; discursos organizados como tais ou, aínda, improvisados e despois transcritos de memoria, nun alarde admirábel de recordación; temos pregóns; temos ensaios, de maior ou menor tamaño, publicados orixinalmente no *Boletín* da Real Academia Galega ou noutras publicacións (da Galiza ou da emigración), traspasados logo en moitos casos a libros.

O abano temático e publicístico, pois, é amplísimo e revela unha vontade mantida no tempo de non negar a

súa colaboración en cantas publicacións fixesen honra ao aparecemento da lingua galega ou de asuntos coa Galiza relacionados. A súa calidade engrandece o coñecemento de autores fundamentais da nosa literatura, sempre co rigor e a honestidade que relocen na súa magna *Historia da Literatura Galega Contemporánea*, que coñece a súa primeira entrega en 1963. A carga de erudición, de cultura literaria, filosófica e histórica resulta abraiante, tanto no relativo ás letras galegas canto no atinente a moitos vultos e obras da literatura universal. Afloran recordos das súas aulas que se fan vivos na lectura posterior de moitas das súas leccións. Comprendemos –moito despois de llo escoitar– a insistencia en determinadas cuestións de importancia decisiva no devir histórico da Galiza: a profunda mudanza operada no século XIV (“a profunda alheação que se iniciava na fásquia da nosa lingua”); a aberrante cirurxía que supuxo a repartición tetraprovincial da Galiza en 1833, por mor do decreto de D. Javier de Burgos, ministro de Fomento na altura; a idea de a Galiza ser universal cando foi enxebremente galega; a necesaria intelixencia entre os dous codialectos da mesma lingua, galego e portugués; a necesidade de os “novos” leren os clásicos galegos; a batalla contra a simplificación e o maniqueísmo valorativo... Mais, ao lado destas iluminacións, brillan como deben as súas achegas fundamentais –decorrentes dunha profunda e persistente investigación actualizada– a clásicos como Rosalía de Castro, Pondal, Curros, López Ferreiro, Cabanillas, Risco, Castelao, Cunqueiro, Manuel Antonio...

Na nómina de artigos ou ensaios seleccionados ocupan lugar senlleiro, claro está, os dedicados á lingua, á sociolingüística e á política lingüística, preocupación de toda a súa vida académica e publicística, mais con especial relevo na súa derradeira década, a que coincide coa imposición da lexislación constitucional-estatutaria, coa imposición normativa e coa fraudulenta e aberrante refacción dos clásicos

galegos. A preocupación pola lingua é permanente: até nun texto delicioso como o pregón proferido en Ribadavia, dedicado á louvanza do viño do Ribeiro, aproveita para trazar unha elocuente analoxía entre produto e idioma de noso, ambos precisados de uso, de valorización e de elevación da calidade.

Diremos unha palabra sobre o texto primeiro e o derradeiro, por ambos gozaren de plena vixencia. O primeiro denuncia o “servil seguimento” de Madrid, á conta do reverencialismo dos estudantes universitarios galegos da altura (1930) do Unamuno político. O que quixemos que fose o derradeiro (aínda alterando a orde cronolóxica) correspóndese cun discurso proferido na noite do 24 de Febreiro de 1985, en acto-cea organizado pola Asociación de Escritores en Língua Galega, no centenario do falecemento da escritora, mais convocado, como se ve, na data do seu nacemento. Este discurso merece unha explicación. No remate da cea, non había intervencións previstas, para alén das de Manuel María e de Uxío Novoneyra, presidente entón da AELG. Pedímoslle daquela os asistentes ao profesor Carvalho que nos dirixise unhas palabras. Así o fixo, improvisando unha magnífica peza oratoria que admirou a todo o mundo. *Verba volant, scripta manent*, de xeito que, no camiño que fixemos para o acompañar ao seu domicilio en Santiago de Compostela, o profesor Xosé María Dobarro e unha servidora, coa mágoa de que o discurso se perdese, ousamos pedirlle parar nun café para tratarmos de recollelo por escrito. Accedeu sen problema nengún. Escrebémolo a man, ao ditado del. Eu transcrebino e envieillo para el incorporar as correccións ou engádegas oportunas, que foron moi leves e miúdas. Así naceu, como un prodixio da oratoria e da oportunidade, este discurso que despois pasamos á AELG para a súa edición, xunto con outros textos celebratorios. Tamén goza, no noso xuízo, de plena actualidade, no *revival* do seu tempo de mocidade e na comparanza

coa actualidade daquel momento (con ecos abondosos que chegan aos nosos días!).

En resumo, este compendio de pezas do autor eleito para a celebración do Día das Letras Galegas do ano 2020 ofrece un espello, un só, dos moitos que configuran a súa personalidade e obra. Inclusive, algúns trazos psicolóxicos non exentos de ironía (como cando se define, con 23 anos, como un “estudante carregado de esencias tradicionalistas”) ou de autocrítica (“todos debemos estar prestes a aprender, a ensinar, a correxir e a aconsellar; e mesmo a sabendas de que todos pecamos, todos debemos nos esforzar por facer máis lixeira a nosa carga de erros”, no fin do artigo dedicado a glosar o *Don Hamlet* de Cunqueiro, en 1959). O uso de diferentes ortografías non debe empecer a captación dunha vontade de estilo que florece xa nos seus textos iniciais. Clareza, carencia de palabreado sobranceiro ou retórico, concisión, firmeza nas avaliacións, sempre documentadas, fervor pedagóxico, incitación á lectura e valoración do noso pasado e da súa continuidade no Segundo Renacemento e na literatura posterior á guerra civil española, extrema precisión conceptual e semántica, amplísima cultura filosófica e histórica, como xa dixemos: un clásico, en fin, que como tal, ha de ser lido e ponderado.

Hai un outro pormenor filolóxico que reclama a nosa explicación. Para quen só admita ou só goste dun galego “envasado”, normativizado *tout court*, sen a menor licenza, sen a menor concesión ás outras pólas do sistema, un galego onde fican fóra millenta expresións, termos, grafías, posibilidades lingüísticas, variedades, en fin, por non falarmos do necesario coñecemento da historia da evolución da escrita da nosa lingua, para alguén deste xorne ou con esta actitude, este libro resultaralle estraño e heteroxéneo de máis. Ora, nós confiamos en lectoras e lectores que posúan e usen dunha outra disposición. En primeiro lugar, a do coñecemento do galego escrito moderno, tal e como el

se xerou, se depurou e se estabilizou. En segundo lugar, cómpre coñecer esta evolución a partir da textualidade verdadeira, polo que todos os textos escollidos a respeitan. En terceiro lugar, na nosa mesma prosa, damos por válidas todas as formas que existen de facto no sistema galego-portugués. En cuarto lugar, chamamos a atención sobre o feito de Carvalho Calero usar nas publicacións da derradeira da súa vida grafías do galego histórico mantidas no portugués desde a consolidación deste como idioma oficial. Para alén de sufixos ou de escollas lexicais, seica é o uso do “g” e do “j” como grafemas que se corresponden co son “x” das palabras patrimoniais o que resulta máis rechamante ou “heterodoxo”. Sempre me chamou a atención o que ilustro co seguinte exemplo elementar. Sería admisíbel hoxe que alguén pronunciase “Jordi”, “Pujol”, “John” ou “George” co son do español “jamón” ou “gente”? Calquer locutor-a sería expulso-a decontado do micrófono público (non así co galego-portugués: seguimos a escoitar deformacións fonéticas da nosa toponimia, ou “José”, “Alentejo” ou “Rio de Janeiro” co son español). Calquer utente normal, obxecto de hilaridade ou de burla por ignorancia manifesta. Ora, todos os problemas comparecen cando habemos de ler “hoje” ou “gente” ou “geografía” con esta grafía! O que en inglés vai de seu, por imperio desta lingua na nosa sociedade actual, en galego, *vade retro!* Non é unha incoherencia absoluta? Ou máis ben é que co galego topamos? Isto é, coa necesaria explicación do carácter non insular do idioma de noso, coa explicación da pertenza a un sistema que non é o español, coa aclaración de que o portugués, en calquer das súas extensións territoriais, naceu do galego, coa necesidade, en fin, de se deter na historia do propio galego, submetido, a partir da Idade Moderna, ao imperio do castellano da monarquía absoluta e do Estado español. Será que isto é incómodo ou perigoso? Ameazará esta serie de explicacións o presente do galego “envasado” ou, aínda, do que gosto de denominar “galego de encrucillado” (unha definición, un

termo). O inglés, intocábel. O galego, nas súas diferentes posibilidades, tabú. Agora ben, para maior sarcasmo, todos a prol da “lusofonía”, oficialidade autonómica incluída!

En todo caso, Ricardo Carvalho Calero foi calquer cousa menos un dogmático excluyente. Afirmámolo con toda a rotundidade. Denunciou, escandalizado e indignado, a re-conversión, ortopedia violenta mediante, da literatura dos clásicos galegos, submetidos *post mortem* a unha cirurxía deformadora e negadora do seu ser, das súas eleccións. Opúxose firmemente ao “galego decretal”. El leu de todo, de todos e de todas, sen xulgar a calidade ou a innovación literaria só por escollas gráficas. Sabía –e así o expresou reiteradamente– que o proceso de normalización da lingua había de ir acompañado da necesaria normativización, mais defendía que esta non fose castradora do propio galego. Propugnou e usou a que a el lle parecía máis moderna, máis acorde coa propia esencia e futuro do galego, coa súa necesaria comunicación coas outras ramas do sistema e coa necesidade de internacionalización do mesmo galego, mais non penalizou outras escritas do galego con finalidade normalizadora.

A honestidade de que el fixo gala obríganos a nós a practicala co mesmo escrupuloso respecto cando del falamos ou cando del transcrebemos textos. A ela nos atemos. Non se trata de facer apoloxía ou haxiografía (que el detestaría): trátase de respeitar e dar a coñecer, tal cal, o que el escribeu e depuxo, nun labor como non ten parangón nas nosas letras na segunda metade do século XX. Este é o espírito deste volume, como o foi o da súa primeira edición, hai dez anos. Quixeramos que fose un libro oportuno, que nos confortase na nosa galegitude tan precisada de axuda e de consolidación, que nos axudase a reafirmarnos na nación e na patria que merecemos, como todos os povos do mundo. Oportunista, desde logo, non o é, pois, tanto en vida del como postumamente, son moitas as páxinas que dedicamos á súa memoria e difusión.

Non debo concluír estas liñas sen expresar o meu agradecemento a varias persoas que me acompañaron nesta segunda angueira. Este libro nace dunha vontade autorial e dunha vontade editorial previas á elección de Carvalho Calero como dedicatario do Día das Letras Galegas do ano 2020. Así foi como confluíron a miña idea de o reeditar e a proposta de Afonso Ribas, responsábel de Laiomento, de quen estimo como merece toda a liberdade e todas as facilidades dadas para levar a termo a nova publicación. Síntome en débeda con e así llelo recoñezo a Moisés Castro, Lydia Fontoira, Tareixa Campo, Marica Campo, Manuel Ferreiro, Carme Fernández Pérez-Sanjulián, Manuel-Anxo Fernández Baz, Manuel Vázquez Graña e Sofía Vázquez García. O meu agradecemento especial –el ben sabe por que– ao colega e amigo Manuel Castelao Mexuto. Manteño, claro está, a dedicatoria deste libro que figura no “Envío” da “Apresentación” que asinei en Novembro de 2010. Afi-nal, un desexo. Ben quixeramos que, nesta ocasión (como en todas as precedentes), a celebración do Día das Letras Galegas tivese algunhas consecuencias prácticas que fosen para alén da efeméride e do ritual. Que a obra de Carvalho Calero se reedite, se dea a coñecer masivamente, sexa fonte de aprendizaje para profesoras-es, estudantes e público en xeral, se ofereza tal cal el a produciu, sen alteracións ou escollas deturpadoras. A este propósito serven as páxinas que seguen, que manteñen presentación e corpus textual do libro orixinal, revisado, corrixido, con só algunhas engádegas ou actualizacións que xulguei necesarias. Obrigada a todas e todos os que o leren coa vontade antes expresada e que tentei sintetizar no título: *Ricardo Carvalho Calero: a ciencia ao servizo da nación*.

Galiza (A Coruña, Val do Mao),
Agosto-Setembro de 2019.

ÍNDICE

Nada galego lle é alleo	7
Apresentación	15
1. Da Universidade galega: Unamuno, os estudantes e a Galiza	31
2. Balance e inventario da nosa literatura	34
3. O novo espírito	37
4. O noso Día en 1933	39
5. Xa somos esquerda	41
6. A xeneración de Risco	43
7. Perante a asamblea	48
8. Técnica do mitin rural	50
9. A sombra negra e o hóspede branco	52
10. Negra sombra	56
11. Este Hamlet	63
12. Rosalía de Castro e Eduarda Pondal	68
13. Discurso en Cambados	75
14. Rosalía en Lugo	85
15. Galego real e galego ideal	87
16. Poesía de Curros Enríquez	90
17. Rosalía, actriz	100
18. O mito de Rosalía	102
19. Compostela en Rosalía	105
20. Castelao, narrador	109
21. Castelao e a súa lingua	117
22. Homenaxe a del Riego	125
23. Problemas biográficos	128
24. Otero Pedrayo. Unha visión de Galicia	142
25. López Ferreiro, escritor en galego	154
26. Nom estamos sós	160
27. Lembranzas de Luís Seoane	163

28. Louvança do vinho do Ribeiro.....	172
29. De Ítaca a Rianxo.....	180
30. Camões e Pondal	183
31. O uso do galego para todo	187
32. Introducción à Literatura Galega.....	191
33. Ferrol na cultura galega.....	208
34. Umha história clínica	213
35. À fala con Castelao	217
36. O galego, obxección de conciencia.....	225
37. A trampa farisea	228
38. Risco na Literatura Galega	231
39. Bilingüismo e bigámia	236
40. Diálogo entre A e B.....	240
41. Rosalia bica a tumba do seu pai	242
42. Ata, desata e reata.....	246
43. Galego eleitoral	248
44. Feminismo e galeguismo	253
45. A cólera do avó.....	255
46. De Rosalia a Castelao.....	258
47. Un galego rendível.....	261
48. Mais velhos e mais novos.....	265
Apéndice documental	270
Apéndice fotográfico	289